



Xosé Lluís García Arias (2014): *Propuestas etimolóxicas (5) del Diccionariu etimolóxicu de la Llingua Asturiana (DELLA)*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana-Universidá de Uviéu, 534 pp.

O PROFESOR Xosé Lluís García Arias é un dos maiores e mellores coñecedores do dominio lingüístico leonés. Nas súas numerosas publicacións tense achegado a diversos aspectos da lingua asturiana: onomástica, historiografía lingüística, gramática, historia da lingua, dialectoloxía. Nesta ocasión deu a lume unha nova obra sobre etimoloxía asturiana, continuadora das catro *Propuestas etimolóxicas* que foron publicadas anteriormente (García Arias 2000, 2007, 2008 e 2009). Todas elas fan parte do *Diccionariu etimolóxicu de la Llingua Asturiana (DELLA)* no que o autor leva traballando dende mediados dos anos 80.

Aínda así, entre o primeiro deles (García Arias 2000) e os outros catro atopamos diferenzas notables en canto ao formato. As primeiras *Propuestas* son unha colección de artigos de tema etimolóxico e de historia da lingua escritos ao longo de 25 anos (entre 1975 e o ano 2000). Os outros catro, en cambio, teñen todos unha estrutura máis parecida á dun dicionario etimolóxico: a cada palabra corresponde unha entrada que está encabezada por un lema que permite unha ordenación alfabética e, polo tanto, unha maior facilidade de consulta. Nesta recensión pretendo facer unha descrición da estrutura e dos contidos da obra sinalando aqueles aspectos que, dende o meu punto de vista, serían mellorables, sobre todo tendo en conta a perspectiva do lector.

O libro ten unha extensión de 532 páxinas. Da páxina 7 a 422 atopamos o cerne da obra, o dicionario etimolóxico, onde se estudan 780 palabras. Ao contrario do que sucede na maioría dos dicionarios, etimolóxicos ou non, non hai unha división dos artigos segundo a letra incial dos lemas, isto é, as entradas preséntanse seguidas dende a primeira páxina ata o final. O libro péchase con dúas listaxes, unha de bibliografía, abreviatura e siglas (pp. 423-484) e outra que é o índice de palabras (pp. 485-532). Neste índice recóllense tanto as formas estudadas marcadas en negriña coma os étimos e outras palabras que só foron citadas na redacción dos diferentes artigos.

Tras esta breve descripción da macroestructura da obra, voume deter no aspecto máis interesante, a microestructura das diferentes entradas.

Como é lóxico, non todos os artigos do dicionario teñen a mesma extensión. A carón de artigos coma o dedicado a *paya*, que ocupa varias páxinas, están outros dun par de liñas. Isto fai que a estrutura non sexa exactamente a mesma para todos eles. Polo tanto, a descripción que se fai aquí do contido das entradas baséase nas máis grandes e completas. Antes de proceder con esta tarefa, é necesario indicar algunhas cousas sobre a escolla e presentación dos diferentes lemas. Estes escóllense entre aquelas variantes das palabras que se asemellan máis ao estándar asturiano proposto pola Academia de la Llingua Asturiana (ALLA). A súa presentación tipográfica varía en función das características históricas e morfolóxicas da palabra que representa. O normal é que o lema apareza en negriña. Para marcar o xénero, no caso das palabras que son ou masculinas ou femininas, inclúese o artigo (*el* ou *la*) despois do lema, coma en (1) e (2).

- (1) **cadrilera, la** Parte del vistiu que tapa los *cadriles*.
- (2) **caldu, el** Cast. Caldo.

Se a palabra pode ser masculina ou feminina, dependendo do referente concreto de cada acto de fala, inclúese no mesmo lema a terminación feminina e, tamén, a variante masculina con -o, coma en (3).

- (3) **caldu, -a, -o (...)** Caliente.

Como se deduce dos exemplos fornecidos, sepáranse as entradas de adxectivos (*caldu, -a, -o*) e substantivos (*caldu, el*). Tamén teñen entradas separadas os homónimos, dúas palabras de orixes distintas que acaban tendo unha forma idéntica. Nestes casos, cada un dos lemas leva un número á dereita para diferenciar os artigos (4).

- (4) **sobar 1** Cast. *Sobar*.
- sobar 2** Dormir mucho.

Nestas *Propuestas etimolóxicas* (5), coma nas anteriores, o léxico tratado procede, sobre todo, de monografías sobre diferentes falas do dominio lingüístico asturleonés. Isto dálle unha riqueza moi importante, xa que permite coñecer moitas das variantes fonéticas ou morfolóxicas de cada palabra. Por iso, despois do lema, atópase en moitos casos unha listaxe de variantes e a indicación, mediante abreviatura, da obra da que se extraeron. A seguir ofrécese a definición do significado de cada palabra, separando as acepcións mediante números consecutivos e indicando, tamén,

o lugar onde se recolleu esa acepción. Así mesmo, en bastantes ocasións inclúese unha equivalencia en castelán da palabra, como se ve en (4).

Finalmente, atópase a proposta etimolóxica, case sempre xustificada dende o punto de vista fonético e semántico e apoiada en obras precedentes. Aparentemente, a maioría das propostas son orixinais do autor, apoiándose en dicionarios latinos coma o de Ernout e Meillet. Mais tamén recorre en moitas ocasións ás obras dos grandes etimólogos hispánicos coma Corominas ou García de Diego. Xeralmente, tal e como se espera dun bo dicionario etimolóxico, o autor trata de xustificar, do punto de vista fonético e semántico, as súas propostas.

Ademais destes elementos, que configuran a entrada máis común, o autor inclúe, en numerosos casos, exemplos de emprego en textos latinos e romances da palabra estudada, mais sen procurar, cando menos explicitamente, dar a primeira atestación. As fontes ás que acode o autor son variadas e ricas, destacando, sobre todo, as coleccións documentais medievais. Estas proceden tanto de Asturias (Mosteiros de San Pelayo e San Vicente de Oviedo, Mosteiro de San Salvador de Corniana...) coma de León (Catedral de León, Mosteiro de Sahagún, Tombo de San Pedro de Montes, Mosteiro de Carrizo...). Tamén son moi utilizadas obras literarias e colectáneas de literatura popular para documentar os usos das palabras nas Idades Moderna e Contemporánea. Nos exemplos fornecidos, o autor preocúpase por rexistrar diferentes variantes fonéticas e morfolóxicas da palabra.

Se, nalgún caso, a palabra estudada non está viva na lingua e só se coñece polos textos escritos, indícase mediante dous tipos de formato de lema, un con parénteses angulares e outro con asterisco, coma en (5) e (6). Como o autor non explica, nin neste caso nin noutros, o uso que lles dá ás convencións tipográficas, non sabemos se existe algunha diferenza entre eles. Ademais, pode aparecer o asterisco posposto ao lema e non se tratar dun destes casos.

- (5) «**rabir**» Verbu conoceu pela documentación del sur del dominiu na aceición de ‘raptar’.
- (6) **codecillu, el*** Términu conoceu pela documentación medieval.

Moitas veces, algúns artigos son moi breves, coma no caso de entradas correspondentes a palabras derivadas e nas que se remite á palabra base (7).

- (7) **demoñu, el** Cfr. *demoniu*.
sobayón, -ona El que *sobaya* [Cb. Ay. JH]. Cfr. *sobar 1*.

Estamos, pois, ante unha obra rigorosa, ben documentada e de grande interese non só para os estudosos da historia do astur-leonés, senón dos de todas as variedades romances peninsulares. Inclúense aquí, por suposto, os estudosos da historia

do galego, que teñen nesta obra, e nas anteriores, un complemento moi útil á hora de deseñar un futuro, sempre arelado, diccionario histórico do galego. Neste sentido, ofrece unha valiosa información sobre palabras utilizadas na zona do Eo-Navia, territorio que forma parte do dominio lingüístico galego.

A pesar de que, como quedou patente, a miña valoración da obra é favorable, quero apuntar algunhas deficiencias, todas de natureza formal, que, como lector, atopei na obra. O punto máis criticable desta é que non teña unha introdución, aínda que sexa breve, que guíe o lector e que explique o significado das convencións gráficas adoptadas; este aspecto reviste particular gravidade porque tal introdución non acompaña ningún dos volumes precedentes. Deste modo, e como se indicou máis arriba, en ningún momento se explica a diferenza que existe entre as diversas convencións tipográficas usadas para os lemas (seguidos de asterisco ou colocados entre parénteses angulares). Sería tamén proveitoso que nesa introdución se xustificase e explicase a estrutura das entradas, xa que o único que temos ao respecto é unha contribución do autor incluída nun dos volumes anteriores (García Arias 2000: 253-263) na que, por riba, non se dá información das cuestións que vimos sinalando.

Así mesmo, no referente á documentación das palabras, creo que sería importante facer un esforzo para recoller, se iso é posible, a primeira ocorrencia romance, como fan a inmensa maioría dos dicionarios etimolóxicos. Ademais, chama a atención o gran número de palabras das que non se dá ningunha documentación, fronte a outras para as que se inclúen moitas ocorrencias. Un caso rechamante é o de *quintana*, palabra da que se ofrecen cincuenta exemplos tirados de textos escritos, sen que este alto número estea xustificado dado que o vocábulo non coñeceu variantes nin fonéticas nin morfolóxicas.

Por último, outro aspecto que, na miña opinión, debe ser mellorado é a configuración do apartado en que se recollen as abreviaturas, siglas e referencias bibliográficas. Creo que facilitaría moito a consulta separar abreviaturas (lingüísticas e de lugares) e bibliografía para facer máis fácil a súa consulta.

É de esperar que, en próximos tomos das *Propuestas etimolóxicas*, ou na edición definitiva do *Diccionariu etimolóxicu de la Llingua Asturiana*, se corrixan estas deficiencias que, non sendo graves, fan pensar que estamos ante unha contribución «de uso interno», pouco amigable co lector. En todo caso, trátase de cuestións menores que non afectan á calidade da obra. Espero que o autor siga contribuíndo ao coñecemento da historia do dominio astur-leonés con novos volumes das *Propuestas etimolóxicas* e, no futuro, co *Diccionariu etimolóxicu de la Llingua Asturiana* que, a xulgar polos antecedentes, será unha obra rigorosa e valiosa.

BIBLIOGRAFÍA

- Corominas, Joan-José A. Pascual (1980-1991): *Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico*. Madrid: Gredos, 6 vols.
- Ernout, A.-A. Meillet (1985⁴): *Dictionnaire Étymologique de la Langue Latine*. Paris: Klincksieck.
- García Arias, Xosé Lluis (2000): *Propuestas etimolóxicas (1975-2000)*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana-Universidá de Uviéu.
- García Arias, Xosé Lluis (2007): *Propuestas etimolóxicas (2)*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana-Universidá de Uviéu.
- García Arias, Xosé Lluis (2008): *Propuestas etimolóxicas (3)*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana-Universidá de Uviéu.
- García Arias, Xosé Lluis (2009): *Propuestas etimolóxicas (4) del Diccionariu etimolóxicu de la Llingua Asturiana (DELLA)*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana-Universidá de Uviéu.
- García Arias, Xosé Lluis (2014): *Propuestas etimolóxicas (5) del Diccionariu etimolóxicu de la Llingua Asturiana (DELLA)*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana-Universidá de Uviéu.
- García de Diego, Vicente (1985²): *Diccionario Etimológico Español e Hispánico*. Madrid: Espasa-Calpe.

▪ EDUARDO LOUREDO RODRÍGUEZ